

Historia das relacións Galicia-Norte de Portugal en materia estatística

Iglesias Patiño, C.L.

1. Introducción

Dende a súa fundación como CIEG e, abofé, dende a súa constitución como organismo autónomo de carácter administrativo, o Instituto Galego de Estatística (IGE) sempre tivo presentes a súa proxección e as súas relacións exteriores. Cómpre salientar a súa participación como representante autonómico no Comité de Estadística Agraria da Comisión Europea e nas actuais relacións coa rexión de L'Oriental de Marrocos así como as futuras co land de Brandeburgo. Tamén, aínda que de orde menor, a participación nun foro en Suíza sobre o sistema estatístico en estados de organización rexional complexa e a relación en temas de Contabilidade Rexional co Statistisches Landesamt Baden-Württemberg.

Mais o que non cabe ningunha dúbida é que as relacións co Norte de Portugal teñen sido as máis intensas e frutíferas como comentaremos posteriormente dun xeito polo miúdo. Estas relacións non resultaron só nun lote de produtos concretos senón que tiveron a súa transcendencia noutros eidos como no know-how, na anovación da institución e no incremento do seu capital relacional.

As relacións estatísticas co Norte de Portugal non se circunscriben só ás do IGE, por exemplo, no 2005 realizouse en Guimarães un congreso transfronteirizo de estatística e de investigación de operacións auspiciado pola Sociedade Galega da Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións ou ben o estudo de relacións socioeconómicas concretas transfronteirizas (laborais, turísticas...) realizadas por outras consellerías e organismos da administración autonómica e, mesmo, pola administración local. No entanto, as que se han tratar neste relatorio son fundamentalmente as que teñen como un dos

seus suxeitos ao IGE e, sen ánimo de sermos exhaustivos, han se referenciar outro tipo de relacións ao final do relatorio.

2. Contorna institucional

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal é un espazo onde está a se intensificar a interrelación entre as súas NUTS 2 compoñentes –Galicia e o Norte de Portugal– nos últimos anos, tanto polas afinidades idiomáticas, climáticas e etnográficas, como por unha fronteira común sen grandes accidentes orográficos e con boas vías de comunicación para o desprazamento relativamente doado dos seus cidadáns, agás o ferrocarril e o actual problema da telepeaxe. Non só debido á veciñanza senón tamén pola concienciación das vantaxes mutuas implícitas na articulación das respectivas economías.

Estamos a vivir un proceso de transformación da posición periférica das rexións fronteirizas con respecto ao territorio nacional nunha posición máis central na UE. Este proceso foi catalizado pola constitución dunha rexión fronteiriza funcional, unha eurorrexión, dun tamaño axeitado, inmersa no Arco Atlántico. Actualmente complementábase co pulo da macrorrexión Rexións do Sudoeste Europeo que inclúe ademais a Castela e León.

Para fomentar este proceso é importante a concienciación interna e a visibilidade externa. E un xeito relativamente económico de conseguirmos isto é dispor de información estatística. Esta vén condicionada pola necesidade de conseguir unha metodoloxía o mais harmonizada posible para poder facilitar a comparabilidade e a consolidación dentro da Eurorrexión.

Dende unha óptica institucional convén pensar na dicotomía no que se desenvolvían as relacións, estabamos perante un estado, o español, que estaba en pleno tránsito cara a converterse nun dos que máis información estatística rexional difunde, pero dende un punto de vista organizativo a Administración Xeral do Estado e Galicia só estaban parcialmente articuladas estatisticamente. Aínda que se teñen feito avances non de xeito moi simétrico, cremos que se incidiu máis dende a parte galega procurando que o Sistema Estatístico de Galicia (SEG) sexa complementario do Sistema Estatístico Nacional (SEN), axeitándoo aos criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes. Mentres que o sistema portugués estaba moito máis articulado en troques de ofrecer menos información estatística rexional.

Mentres antano, no período a que se vai referir este relatorio, eran as relacións entre dous órganos centrais de estatística, un descentralizado admi-

nistrativamente, a Direcção Regional do Norte (DRN) do Instituto Nacional de Estatística de Portugal (INE-Portugal), e o outro froito da descentralización política, o IGE, un órgano central de estatística dunha comunidade autónoma (OCECA). Hogano é a relación entre un OCECA e un órgano non estritamente estatístico dentro dun organismo administrativo máis amplo.

Cómpre lembrar tamén que existen problemas canto á comparanza dos datos entre os dous países no referente á desagregación xeográfica. En Portugal os concellos son “históricos”, ou mellor dito as súas capitais son vilas tradicionais, mentres que en Galicia son unha división máis recente, un tanto artificial na súa orixe. Por outra banda, non convén esquecer que a administración local en Galicia non está constituída só polos concellos, existe outra administración supramunicipal, as deputacións, sen contraparte no país veciño.

3. Breve cronoloxía das relacións

As relacións en materia estatística co Norte de Portugal comezaron de xeito efectivo no ano 1995 e prolongáronse unha década no marco dos INTERREG.

Impulsada pola Xunta de Galicia e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento da Região Norte de Portugal (CCDR-N), con apoio das Administracións da U.E., española e portuguesa, a Comunidade de Traballo Galicia-Norte foi constituída no 1991 ao abeiro do Acordo Constitutivo, elaborado á luz do Convenio-Marco Europeo para a Cooperación Transfronteiriza entre Comunidades e autoridades territoriais do Consello de Europa. A sinatura deste acordo cristalizaba o proceso comezado en 1986, cun protocolo de cooperación, e continuado coas Xornadas Técnicas Galicia-Norte de Portugal desenvolvidas nos anos 1988 e 1990.

Entre as comisións creadas estaba a mesa de dinamización económica, nela participaban o INE-Portugal, a través da súa DRN, e o IGE. A colaboración e o traballo común das dúas organizacións debía tender á fornecer información para o observatorio interrexional, dada a necesidade de establecer unha infraestrutura estatística que permitise coñecer con precisión e obxectividade o grao de interrelación, así como a sinerxía producida na eurorrexión considerada como unidade. Para máis detalles pode consultarse Fernandez et al [1].

Proba da importancia dada aquén do Miño, abonde citar que, no artigo 26 da Lei 6/97 do Plan Galego de Estatística 1998-2001, aprobado na Lei 6/1997

do 31 de Xullo (publicada no DOG número 154 do 12 de Agosto de 1997), establécese como obxectivo prioritario o impulso da cooperación transfronteiriza en materia estatística coa rexión Norte de Portugal. Mesmo neste primeiro plan incluíronse actividades como o Anuario, Atlas de Empresas, Estatística de Migracións, Trocos Comerciais e Investimentos Galicia-Norte de Portugal.

Esta cooperación tranfronteiriza na Comunidade de Traballo cristalizou nunha serie de actuacións: o deseño e execución dun anuario, dun atlas de empresas, dunha análise do comercio intracomunitario e duns indicadores sociais da Eurorrexión, unha estatística de trocos comerciais entre Galicia e o Norte de Portugal, e mais uns indicadores de desenvolvemento económico e social e a caracterización das áreas de fronteira a un nivel inferior a NUTS 3 (no caso galego, provincia).

4. Produtos

4.1. Anuario estatístico

O Anuario Galicia-Norte de Portugal, traduce un esforzo da DRN (INE-Portugal) e do IGE de harmonizar e organizar a información estatística dispoñible para mellorar o coñecemento da Eurorrexión.

Consiste nunha síntese estatística que ten por obxectivo facilitarnos ao público unha visión comparativa e xeral de Galicia e da rexión Norte de Portugal nos diferentes ámbitos (NUTS 2 e NUTS 3) e nos diversos sectores, así como a súa comparanza con España e Portugal. Para acadar o anterior, recolecta e resume información estatística anual dispersa nunha extensa gama de fontes procedentes dos propios promotores e de outros organismos.

En resumo é unha actividade estatística de recompilación pero cunha compoñente moi intensa de transversalidade que tivo como produto o *Anuario Estatístico Galicia-Norte de Portugal*, en diferentes formatos papel ou CD, publicación conxunta ou por separado. A primeira edición correspondía ao 1995.

4.2. Atlas de empresas

Dentro das diferentes análises realizadas sobre a Eurorrexión, observábanse lagoas importantes nas relacionadas co ámbito empresarial, que ademais resultaban de vital importancia no seguimento do proceso da súa consolidación.

Ante esta situación, no ano 1996, decidiuse elaborar un traballo destinado a analizar, por territorios, o sistema empresarial da Eurorrexión. Considerouse adecuada para a actividade unha estrutura en forma de atlas que permitise xeorreferenciar o tecido empresarial en sucesivos niveis de desagregación espacial.

Os datos estatísticos representados serían recollidos das fontes estatísticas propias existentes en cada rexión, e non do resultado dunha operación conxunta destinada á súa obtención, unha manifestación máis do principio de aproveitamento das fontes existentes.

Como resultado, houbo que considerar como unidades estatísticas obxecto de investigación as sociedades con sede nas rexións e que, ademais, non estivesen encadradas dentro das seccións P (Fogares que empregan persoal doméstico); Q (Organismos extraterritoriais); L (Administración Pública, Defensa e Seguridade Social Obrigatoria) e da división 65 (Intermediación Financeira, agás Seguros e Plans de Pensións) da clasificación CNAE-93.

Non obstante, e ante a semellanza en ambos territorios no senso de teren grande importancia as sociedades con sede fóra deles, adoptouse a perspectiva de incluír tamén información referente aos establecementos daquelas que se puidesen considerar máis importantes e das que se dispoñía, a través de estudos particulares, de datos.

O resultado final foron dúas edicións do *Atlas de Empresas Galicia-Norte de Portugal*. É mester citar aquí que esta publicación non podería ter sido feita coa alta calidade que a caracteriza sen a colaboración inestimable doutro coautor da parte galega, o Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA).

Actualmente podería considerarse unha operación estatística de explotación de rexistros e sistemas de información das administracións cunha máis que incipiente xeorreferenciación.

4.3. Trocos comerciais

A enquisa de trocos comerciais tiña como obxectivo cuantificar as transaccións intracomunitarias de mercadorías que tivesen como orixe Galicia e destino a Rexión Norte e vice-versa. A utilización por España e por Portugal do sistema Intrastat para a elaboración de estatísticas de comercio externo entre estados membros (EE.MM.) da UE facilitou a posta en marcha do proxecto.

Cada empresa debía consignar anualmente nun cuestionario, o valor das transaccións entre as dúas rexións de referencia, segundo unha clasificación que se correspondía cunha agregación de capítulos da Nomenclatura Combinada.

Recollíase, polo tanto, datos de ambos os dous fluxos, introducións e expedicións, en cada rexión. As cifras finais eran o resultado da análise, validación e confrontación das dúas fontes, para conseguir datos de intercambios comerciais Norte-Galicia absolutamente compatibilizados.

Metodoloxicamente, era unha actividade estatística moi interesante porque se empregaban ao mesmo tempo unha enquisa e mais un rexistro o que permitía a comparanza. Un estatístico devece por unha situación tal. Coa terminoloxía actual é unha operación estatística no senso estrito que cabería incardinala dentro das enquisas ou dentro dunha futura operación combinada.

4.4. Comercio intracomunitario da Eurorrexión

Foi unha fonte que se atopa entre o estatístico e o económico. A única edición *do Comercio Intracomunitario da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal 1995-1997* permitía a análise de aspectos tan interesantes como a evolución do comercio da Eurorrexión co resto da U.E. –excluíndo o comercio externo co seu respectivo E.M.– a súa estrutura, os países europeos con que se tiña máis relación comercial, o estudo do comercio intra-ramo ou o seu contido tecnolóxico.

Había ser interesante ver se a situación do comercio intra-ramo –dentro do mesmo produto ou grupo de produtos, tamén denominado intraindustrial– pervive ou a globalización, a moeda única e, en menor medida, o cambio da clasificación de actividades económicas provocaron algunha mudanza.

4.5. Indicadores de desenvolvemento económico e social

Os concellos portugueses son moito máis extensos e poboados que os homónimos galegos. De feito hai poucos concellos portugueses cunha poboación inferior a 10 000 habitantes a diferenza de Galicia, o que fai que a mellor comparación entre Galicia e o Norte sexa a das comarcas galegas cos concellos portugueses; tamén podería ser comparable a parroquia coa freguesía, pero non se dispón de moita información a ese nivel de detalle en Galicia. Todo isto xa se puxera de manifesto na primeira edición do Atlas.

Os Índicadores de desenvolvemento económico e social das/dos Comarcas/Concelhos de Galicia e do Norte de Portugal (IDES) pretenderon fornecer un conxunto de instrumentos que permitisen comparar o proceso de desenvolvemento ao nivel local nunha óptica transnacional.

Esta publicación tivo por obxectivo disponibilizar un conxunto de indicadores que permitisen, de forma máis obxectiva, comparar os concellos do Norte de Portugal e as comarcas de Galicia en canto ao respectivo grao de desenvolvemento. Non se ignora que estes índices deixaban subrepresentadas algunhas compoñentes do desenvolvemento, mais permitían dun xeito rigoroso e, por primeira vez, evidenciar situacións que poderían suxerir a necesidade dalgún tipo de intervención no proceso de desenvolvemento local. Aínda que esa non era misión nin da DRN nin do IGE, no entanto si podería selo, na actualidade, da CCDR-N.

Correspondería cunha actividade estatística de construción dun indicador sintético baseada nunha incipiente operación de sistema de indicadores.

4.6. Indicadores sociais

Constituiu unha boa aproximación ao que agora habíamos denominar un sistema de indicadores e cristalizou nunha publicación no 2003 con data de referencia o 2000. Trataba as seguintes dimensións:

- Demografía: estrutura da poboación, fluxos poboacionais, fecundidade e nupcialidade
- Educación: participación na educación, recursos educativos, nivel de instrución
- Traballo: estrutura da poboación total e activa, poboación ocupada, poboación desempregada
- Sanidade: estado da saúde, mortalidade e morbilidade por causas, mortalidade infantil, recursos humanos, recursos materiais e ocupación hospitalaria, VAB

A información fornecida é ao nivel de NUTS 2 e a súa comparanza cos seus respectivos estados. Ademais dos múltiples indicadores, presentaba información en formato tabular para contextualizar e tamén información textual típica dun primeira análise que un órgano de estatística debe realizar para explicar estadísticas clave co gallo de previr a súa utilización indebida

segundo o cuarto dos Principios Fundamentais das Estatísticas Oficiais das Nacións Unidas.

Podería dicirse que esta publicación caracterízase por ser aquela na que, en termos relativos, máis predomina a metainformación das realizadas no contexto das relacións do IGE co Norte de Portugal.

4.7. Caracterización da área de fronteira

É unha actividade estatística de recompilación dun tipo pouco traballado polo IGE xa que corresponde a unha zona xeográfica limitada que non coincide nin tan sequera cun subconxunto dunha provincia. Neste contexto, e en xeral, o SEG debería reflexionar sobre a posibilidade de tentar trasladar este estudo a outro tipo de zonas xeográficas non convencionais.

A *Caracterización da área de fronteira Galicia-Norte de Portugal* publicada no 2005 presentaba información con desagregación inferior a NUTS 3. A área de fronteira circunscribíase ás comunidades territoriais de cooperación do Val do Miño, do Val do Lima e do Val do Támega.

Dúas estruturas xeográficas diferenciadas, unha a do Miño onde o río fai de fronteira –a raia húmida– e as outras dous onde o río fai de conector natural teórico –a raia seca–. A realidade é mais complexa, antigamente o Miño servía para a navegación con pequenas embarcacións e actualmente está inzado de pontes, e nunha fase intermedia de ferrys, grazas aos fondos europeos. Mentres na raia seca non se aproveitaba esta comunicación natural de xeito efectivo quizais pola posición periférica dentro das propias NUTS 2 e, mesmo, 3.

Esta monografía estuda, empregando tanto material tabular como gráfico e textual, estes tres vales, diferenciando cada un deles en sub-vales de cada NUTS 2 e os compara co val no seu conxunto, con toda a área de fronteira, con Galicia, co Norte e coa Eurorrexión. Ademais desta información tamén paga a pena salientar que presenta información por concello e que fai un esforzo na metainformación e nos diagramas que emprega.

4.8. Outros produtos

Non rematan aquí os outputs destas relacións en materia estatística, de feito realizáronse numerosos folletos en diferentes formatos, mesmo en inglés, ricos en gráficos co gallo de divulgar a información e o traballo que se estaba a facer

con ela. Co mesmo fin, a DRN creou e xestionou un web-site: www.galicia-nortept.org.

Redactáronse media ducia de artigos e relatorios que, sen pretendermos ser exhaustivos, se poden consultar nas referencias bibliográficas, dos que cómpre mentar un deles por ser devanceiro no labor de difusión que arestora estamos a realizar nesta xornada, en concreto, o de Puime et al [8] que se redactou para dar a coñecer a primeira edición do Anuario Galicia Norte e o seu contido.

5. Influencias directas no IGE

A *Base estatística para a obtención de indicadores socioeconómicos das comarcas galegas* do IGE xurdiu cun dobre obxectivo. Primeiramente encadrábase dentro do Plan Galego de Estatística 1998-2001 como un punto de partida ou traballo previo da operación 104 “Indicadores municipais e comarcais”. Esta operación estatística de nova implantación procurou a elaboración e difusión de información básica sobre os concellos e comarcas galegas como parte das actividades da área de difusión así establecida polo Plan. É o xérmolo da actual actividade AE205 “Banco de datos territorial”.

Deste xeito, e debido o seu interese socioeconómico, a súa misión principal foi proporcionar información a un nivel de desagregación territorial que chegaba ata as comarcas galegas. En concreto, esta base estatística centrábase no ámbito comarcal por ser o contexto menos tratado e do que se contaba con menos información e referencias ata aquel momento –na actualidade é a parroquia como xa se comentou–. Por tanto este constitúe un aspecto novo que ademais ven acompañado das vantaxes a nivel estatístico que presentan as comarcas fronte os concellos. Ademais á partida, considerábase que os indicadores que se puidesen construír ao nivel comarcal poderían ser calculados na súa meirande parte a partir desta base estatística.

Por outra banda, e dun xeito paralelo, este traballo constituía a primeira fase do proxecto transfronteirizo IGE-DRN, que se viña coñecendo como “Poder de compra comarca–concello” e que logo remataría no IDES. Así en concreto, recollíanse os resultados da investigación e posta en marcha do dito proxecto e centrábase, ao mesmo tempo, nas particularidades do caso galego.

Asemade, cómpre lembrar que estas relacións transfronteirizas influiron na difusión das estatísticas do subsistema do sector turístico que daquela executaba o IGE. Esta desagregación dos datos sobre turismo por nacionalidade

portuguesa pode considerarse precursora, en certo modo, da operación 37102 “Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León, Zamora e norte de Portugal” do actual PGE.

Entre os ‘projects’ inconclusos cómpre mencionar o de bacías de emprego e movementos transfonteirizos de traballadores, migracións en xeral, inventario de infraestruturas e servizos municipais, investimentos, información estatística sobre as cidades da Eurorrexión, e o de inserción no mercado laboral dos titulados universitarios que, no entanto, acadou un proxecto técnico para facer un painel que non chegou a executarse. No que respecta a Galicia, dalgún destes temas existe información actualmente pero outros continúan baleiros.

A influencia no know-how concrétese na concienciación da importancia da estandarización, materia en parte pendente no SEG. Por exemplo, grazas ao labor de harmonización europea nas estatísticas (Intrastat), nas clasificacións e nomenclaturas (CNAE-CAE, Nomenclatura combinada) e noutros eidos, non directamente vencellados coa estatística, como os plans de contabilidade harmonizados pola normativa europea, puideron ser realizadas as actividades antes mencionadas. Tamén incidiu en que se reflexionase sobre as paridades de poder adquisitivo que, mesmo, se materializou nun relatorio dunha índole metodolóxica Iglesias et al (2001)[4].

Todo isto encádrase nunha actividade de indubidable interese estatístico como é o perfeccionamento profesional dentro do SEG xa que dun xeito moi económico (case sen custo adicional) conséguese tanto a autoaprendizaxe como o aprender para ensinar a aprender.

Con relación ao capital relacional resulta case unha perogrullada porén non está de mais recordar un caso de particular importancia. Unha das actividades estatísticas que viña realizando o IGE desde a súa constitución eran as estatísticas de comercio exterior (e intracomunitario) de Galicia. A metodoloxía que se empregaba fora consensuada polas CC.AA. Grazas as relacións co INE portugués puidemos enterarnos de que podía desaparecer a referencia a NUTS 2 ou 3 no marco do Intrastat o que levaría aparelado a imposibilidade de realizar as estatísticas do comercio exterior para a nosa C.A. e coa colaboración da DRN tentouse influir en que esta decisión non fose tomada e ata día de hoxe podemos seguir explotando as cifras da Axencia tributaria para Galicia.

6. Outras relacións estatísticas

Teñen existido outro tipo de relacións estatísticas ou de interese estatístico, por exemplo, o SITGA desenvolveu os proxectos SIGN relativos a un geoportal Galicia-Norte de Portugal con creación dunha infraestrutura de datos espaciais capaz de integrar información que poida ser empregada como apoio para a toma de decisións relacionadas coa xestión do mundo rural. A zona de intervención abrangue 6 bisbarras galegas incluídas nas NUTS 3 de Pontevedra e Ourense, e as NUTS 3 portuguesas de Minho-Lima e Cávado.

O Consorcio Zona Franca e o Instituto Galego de Promoción Económica publicaron *Los sistemas productivos de la Euro-región Galicia-Norte de Portugal* que ía dirixida a acrecentar o coñecemento sobre estes sistemas para fomentar a cooperación e intercambio entre Galicia e o Norte para mellorar a súa competitividade e incrementar a prosperidade. O Instituto Galego das Cualificacións presenta información sobre os traballadores portugueses e, neste tema, tamén inclúe información estatística o boletín EURES-T Norte de Portugal Galicia.

Sen esquecermonos de iniciativas nesta liña a nivel das administracións locais como, por exemplo, o Centro de Información Transfronteirizo Unimiño. Ou a proposta de proxecto de observatorio transfronteirizo sobre gasto turístico no que por parte galega tería participado o Instituto de Estudos Turísticos de Galicia.

7. Recapitulación

Como recapitulación podemos dicir que as relacións estatísticas foron intensas, interesantes e, esperamos que, intermitentes porque o único punto claramente negativo foi que durante case un lustro non houbo apenas relacións nas que o IGE participase como axente e agora estanse a retomar coa publicación dunha nova edición do anuario.

Pode que sexa premonitorio que se reinicien do mesmo xeito que comezaron, coa elaboración do *Anuario Estatístico Galicia-Norte de Portugal*. No entanto, había ser interesante que chegaren ao mesmo nivel ca as de antano, onde se trataron, hai máis de dez anos, temas que arestora son de candente actualidade como a xeorreferenciación, o emprego de rexistros en conxunción con enquisas, os sistemas de indicadores e a redución da dimensionalidade, a inserción laboral dos egresados, a conexión nos conglomerados, etc. Ou ben

que abordaren outros temas máis acordes coa nova contorna institucional pero coa mesma ou meirande intensidade.

Referencias

- [1] Fernández, R. et al “A información estatística para a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”. I Congreso de economía de Galicia”. 1998
- [2] Fernández, R. et al “Comercio iterrexional de mercadorías: o caso da enquisa de trocos comerciais Galicia-Norte de Portugal” V Encontro da APDR (Associação Portuguesa para o Desenvolvimento Regional). 1998
- [3] Iglesias, C. et al “Unha nova análise do desenvolvemento económico e social da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: unha digresión sobre as hipóteses implícitas nos métodos multivariantes”. V Congreso galego de estatística e investigación de operacións. 2001
- [4] Iglesias, C. et al “A utilización das paridades de poder de compra nas estatísticas transfronteirizas”. II Congreso de economía de Galicia. 2001
- [5] López, E. et al “A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal: unha visión a través das fontes transfronteirizas”. II Congreso de economía de Galicia. 2001
- [6] Pereira, A.E. et al “Indicadores de desenvolvemento económico e social das comarcas/concelhos da Galiza e do Norte de Portugal”. VIII Jornadas de Classificação e Análise de Dados. 2001
- [7] Pereira, A.E. “Medir o Desenvolvemento ao Nivel Local em Espaços Transfronteirizos: o caso do Norte de Portugal e da Galiza”. VIII Encontro da APDR (Associação Portuguesa para o Desenvolvimento Regional). 2001
- [8] Puime, F. et al “Galiza/Norte de Portugal Retrato de uma Euroregião”. Estatística&Estudos Regionais. Mai/Ago. 1995